# — Convocatoria patriotica (1)

Habendo exprimentado con fonda ledicia
os triunfos outidos na representación do teatro ga-
llego-os individuos d'ambos sexos cuio triunfo foi
debido mais que a nada á valentía e ás gran-
des e fermosos dotes ou condiciós que demostraron
poseer ás rapazas que tomaron parte nas
veladas dadas deica a data hoxe,- e no dexeio de que
se propague com'un incendio por toda a
terra galega o santo amor a ela que é a no-
sa pattria por ser onde nacimos e ô cal debem
aspirar todol-os bos galegos, creando, de conformi-
dad con todal-as persoas cultas, que o teatro
é o mais grande medio de propagación da
cultura e sendo a cultura honra dos po-
vos e semente de patriotismo debemos aspi-
rar a espallar esa cultura todol-os bos fi-
llos de Galicia pra que a concencia nazonal
desperte e nos decatemos d-unha vez pra
sempre de que os galegos temos as mesmas
condiciós si non mellores que os fillos das
outras puntas da peninsula pra que se nos
respete e noso nome non sirva de baldon
de ignominia com' hoxe está sucedendo por
culpa dos que s'avergoñan de levalo por non
ter concencia da sua personalidá nin valor
pra facel-o respetar.

Por todo o dito e ~~ca a unica outro~~
~~levado do dos bon~~ co a soila ambicion de vel-
ou conseguill o rexurdimento da nosa terra e
no dexeio de que a nosa comensada labor cultural non

# — Convocatoria —

SS

Anxel Ramos
José Ferreira
Paulino Nave

Pol-a presente convocase ós siñores que constituen o novo Consello da Irmandade pra que asistan á xuntanza que terá de celebrarse oxe 7 de Maio ás 10 da noite (hora oficial) no local da dita Irmandade.

Prégase a asistenza e puntualidade pois sendo a primeira ves que se axunta iste Consello pra tomar acordos e habendo asuntos d'importanza a tratar fai falla demostrar o ~~constancia e enteiresa na loita pol-o noso ideal e que temos azos pra levar~~ que temos azos pra loitar con enteiresa pol-o noso ideal e boa vountade pra cumprir o millor que saibamos a misión que nos foi ~~encomendada~~ confiada.

Betanzos 7 Maio 1919

O Segredario

Luis Ares

# Irmandade da Fala

Cô ouxeto de dar conta o Consello directivo á xunta xerál d'un proiecto pra que se solicita a autorización pra dispoñer de determiñados ouxetos d'ista sociedade, prégase a todol-os irmáns concurran o próximo viernes âo once en punto da noite, (hora oficial) ô local da sociedade. ~~âo~~

Betanzos, 26 de maio 1.919.

P.O. do Segredario

Josè Sôa Lopez

Faise persente âs siñores irmaus que de non asistire numero suficiente d'irmáns pra efeitualla xuntanza celebraráse o sábado 31, âs dez e médea da noite, cô numero d'irmaus que asistan.

Convócase os señores que compoñen-o Consello d'ista Irmandade â xuntanza que, con ouxecto de resolver asuntos de grand'intrés se fará hoxe 27 de Maio ás dés da noite

Prégase non deixen d'asistire; pois tendo en conta a calía dos asuntos a discutire, será a xuntanza de mais grande importanza feita hastr' hoxe. N' ela, co a conformidade do Consello, coidamos ficarán tomados alembros que darán gran empuxe ô galeguismo e grande sona a ista Irmandade.

Un d'eles será a fixazón dos premios, bases e demais condiciós pra levar a cabo o proieutado Concurso d'obras teatrás. Relacionados con iste Concurso, poñeranse a discusión asuntos de tan fonda importanza, coma son-os económicos. Urxe tomar resoluciós sobre iste asunto, non podendo deixalo pra outra xuntanza, por sere imprescindibre o anuncial-o Concurso o 1º de Xunio.

Irmans: a vountade salva todol-os valos por altos qu'istes señan. Acudide a ista xunta en

Anxel Ramos
Xosé Ferreira
Paulino Naveira
Antón García
Xosé Vía Golpe
Xaime Costas
Manoel Roel
Agustín Novo
Xosé Ramos
Xosé Babío

particular i-a todas en xeneral e daremos probas de grande intrés e forte vountade cô que podedes teb-a seguranza d'abranguer a realizazón dos nosos "Ideas"

O Segredario

José Ares

Siñores

Anxel Ramos

Xosé Ferreira

Paulino Naveira

Antón García

Xosé Vía Golpe

Xaime Costas

Manoel Roel

Agustín Novo

Xosé Ramos

Xosé Babío

Convócase os siñores que compo-
ñen o Consello, pra qu' asistan â
xuntanza que se fará hoxe, trin-
ta de maio, con ouxeto de tratar
asuntos de gran intrés, âs des en
punto da noite.

Tamén se pon en conoci-
mento d'os mesmos siñores, que
a continuación d'ista xunta e ho-
ra d'as once, hábera xuntanza
xêral

Tódo aquel que desea a
boa marcha e prosperidade
da Irmandade, non debe deis-
xar d'asistire a ista xuntanza

Betanzos Maio 1919

O Segredario

Lois Ares

Convócase a todol-os irmans pra
qu' asistan â xuntanza que, pra to-
mar acordos de fonda importanza, fa-
ráse o viernes trinta do actual. A hora
do xuntoiro será âs once da noite, pre-
gando a todol-os irmans asistenza
e puntualidade.

Os asuntos a tratar son ur-
xentes e importantes como pode xuzgar-
se pol-o siguente: Habendo o Consello
d'ista Irmandade acordado a celebra-
ción d'un Concurso d'obras teatrás di
cuia importanza ninguién dubidará,
pois desarróllase â ves a literatura
i-o arte, que son a i-alma d'os po-
vos, e necesitando pra facelo dispoñer
de varios ouxetos de pertenencia da Ir-
mandade e chegar tal ves â emisión
d'un emprestito, queremos contar co a
vountade de todol-os socios por xus-
galo necesario

Tamén procederase a cubril-a
vacante de vocal qu' esiste, porque un
dos siñores que foi nomeado na derra-
deira eleición de Consello, non chegou
a facerse carrego do seu posto por
haberse donado de baixa

Do mesmo xeito trataráse todo
outro asunto que propoña calquer ir-

man, eisí como os que coide comenente
o Consello, sempre despois d'habere re
solto os que fican dispostos e pasa
tempo a xuicio do Presidente.

Betanzos Maio de 1919

O Segredario

Loís Ares C.